

N

TURGALICIA
BOLETÍN DE NOTICIAS

Nº 163 24-30 XUÑO '08

Boletín electrónico semanal de **TURGALICIA**. Estrada Santiago Noia, Km. 3. 15896, Santiago de Compostela.



Se desexa recibir máis información gráfica ou escrita sobre as informacións contidas neste boletín envíenos un e-mail premendo o seguinte enlace:



ou pónase en contacto con nós no teléfono:

902 200 432

ou no fax:

981 542 659



www.turgalicia.es



Reservas



Ofertas



Publicacións



Noticias

Edita: **TURGALICIA**. Realización Boletín de Noticias: Imaxe Nova de Comunicación S.L. r/ Uruguai 2, 3º dereita, 36201, Vigo. Tel.: 986 221 835. Fax.: 986 437 141 email: imaxenova@imaxenova.com

AXUDAS ÁS PEMES PARA MELLORAR A XESTIÓN

Innovación e Industria subvenciona actuacións en materia de xestión da calidade, do ambiente ou da prevención de riscos laborais, entre outras

A Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, convoca axudas dirixidas ás pequenas e medianas empresas galegas (Pemes) (Orde publicada no DOG o 8 de maio de 2008) para apoiar as accións de implantación e certificación de modelos de xestión e a elaboración e verificación de memorias de responsabilidade social empresarial, que se desenvolvan durante os anos 2008 e 2009, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión.

Con isto, o Goberno galego pretende facer evolucionar as empresas e organizacións cara á mellora continua, con actuacións en materia de xestión da calidade, do ambiente, da prevención de riscos laborais, da I+D+I, entre outras, e en materia de responsabilidade social empresarial (RSE).

O prazo de presentación de solicitudes de concesión das axudas remata o 9 de xullo.

A contía das axudas poderá acadar o 50 por cento do investimento subvencionable para cada proxecto, e poden ser subvencionables un máximo de tres proxectos por entidade beneficiaria.

Poderán ser beneficiarias



destas subvencións as empresas privadas galegas, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, que reúnan a condición de pequena e mediana empresa (Peme). A tramitación das solicitudes deberá facerse a través dalgunha das entidades colaboradoras, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución pola que se dará publicidade ás entidades

colaboradoras no Diario Oficial de Galicia.

Entre as referencias subvencionables que publica o DOG atópanse os hoteis e apartamentos turísticos, aloxamentos rurais, cámpings e cidades de vacacións, establecementos balnearios, campos de golf, estacións de esquí e montaña, servizos turísticos de intermediación e servizos de restauración.

Nace a Academia Galega de Gastronomía

O Consello da Xunta aprobou a pasada semana a creación e os estatutos da Academia Galega de Gastronomía, organismo que ten como fins o estudo, o coñecemento e a promoción das ciencias e das artes culinarias, ademais da promoción do seu valor etnográfico a través da inves-

tigación e a práctica das cociñas propias das distintas bisbarras e parroquias galegas.

Este organismo nace co fin de divulgar as súas excelencias e propiciar a súa estima e expansión; cooidar da pureza das súas tradicións e dar a coñecer no Estado español e no estranxeiro as

características e aspectos máis relevantes da gastronomía galega.

Para isto, a Academia, que estará formada por 52 membros titulares, levará a cabo distintas iniciativas, como a organización de actos culturais e a edición de publicacións, e investigará novas receitas.